

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA DEZAOITO DE DECEMBRO DE DOUS MIL QUINCE.**

No Salón de sesións da Casa Consistorial, sendo as vinte horas e dez minutos, do día expresado no encabezamento, ten lugar reunión en primeira convocatoria do Concello-Pleno, cos concelleiros/as que se expresan seguidamente, ao obxecto de celebrar a sesión ordinaria do mes de decembro; asistidos de min, Carlota González Navarro, secretaria xeral do Concello quen certifica, o expresado na presente acta.

Declárase polo Sr. Alcalde-Presidente aberta a sesión, con arranxo á Orde do Día.

Asistentes:

Partido dos Socialistas de Galicia- Partido Socialista Obrero Español PSdeG-PSOE

ALBERTO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ  
ROSA ANA GARCÍA LÓPEZ  
SERGIO SAAVEDRA GUTIÉRREZ  
BENITO MANUEL VEGA FERNÁNDEZ  
JESSICA SABIN FERNÁNDEZ  
ALEJANDRO ANTONIO GARCÍA SOUSA

Partido Popular- PP

JOSÉ ANTONIO VIGO LAGO  
ESTEBAN GARCÍA ALONSO  
JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ  
MARIA CRISTINA FREIRE ANEIROS

Centristas de Valdoviño (CENVAL)  
LUIS MANUEL BECEIRO RODRÍGUEZ

Unidos por Valdoviño (U POR V)  
MANUEL JAVIER BACORELLE ROBLES

Bloque Nacionalista Galego (BNG)  
CARLOS ALBERTO AMENEIROS SERANTES

1) **PARTE DISPOSITIVA**

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE BORRADORES DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES DE DATA 20.11.15 (ORDINARIA) E 23.11.15 (EXTRAORDINARIA).-**

**O Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes, prestou aprobación aos borradores de actas anteditos.**

**2º.- PROPOSTA PARA SOLICITAR A DESAFECTACIÓN DO USO DOS INMOBLES DO CRA DA CARREIRA, VILABOA E PANTÍN, A FIN DE SER UTILIZADOS PARA FINS DE INTERESE MUNICIPAL.-**

Proposta de Alcaldía *ditaminada favorable en comisión informativa de Planificación territorial e xestión administrativa en sesión do 14.12.15* :

“Á vista de que os inmobles do CRA da Carreira, Vilaboa e Pantín non están sendo utilizados para a docencia e permanecen pechados na actualidade,

Á Vista do informe emitido polo Director do CRA ao respecto no que manifesta: “... Que dende este curso académico (15-16), non estamos a darlle ningún uso as escolas de Vilaboa e Sequeiro. Ditas escolas viñan funcionando e atopábanse en condicións de funcionamento ata setembro do presente ano. Respecto da escola de Pantín, esta dirección non dispón de información respecto á mesma, xa que non funciona coma escola neste CRA dende fai máis de cinco anos”.

Vistas as necesidades do Concello de Valdoviño de utilización de edificios municipais.

Visto o requerimento feito pola Consellería de Educación a fin de aportar Acordo Plenario para proceder co expediente de desafectación dos citados inmobles para poder ser destinados a outros usos municipais.

Esta Alcaldía en vista das atribucións conferidas pola lexislación vixente propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

- ! Proceder á aprobación da solicitude da desafectación do uso dos inmobles do CRA da Carreira, Vilaboa e Pantín a fin de ser utilizados para fins de interese municipal.
- ! Notificar o presente acordo á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

En Valdoviño a 26 de novembro de 2015.

O Alcalde,

Alberto González Fernández”

Sr. Alcalde.- A Consellería de Educación pechou as escolas unitarias da Carreira e Vilaboa. A escola de Pantín xa estaba pechada de antes. Estes locais poden usarse para fins educativos e sociais e de ahí esta proposta de Alcaldía. A Consellería pide para a desafectación, aprobación plenaria.

**A Corporación de Valdoviño, en votación ordinaria e por unanimidade de todos os seus membros, deu a súa aprobación á anterior proposta de Alcaldía.**

### **3º.- APROBACIÓN DENOMINACIÓN DE MERENDEIRO NO LUGAR DA MOREIRA-PANTÍN.-**

Proposta de Alcaldía, *ditaminada favorable en comisión informativa de Planificación territorial e xestión administrativa en sesión do 14.12.15* :

“Á vista do escrito presentado pola Asociación de Veciños Beiramar de Pantín en data de 29 de xullo de 2015, número de rexistro 2943, no que se solicita a imposición do nome de “Merendero Andrés Suárez” a zona de ocio e merendeiro sito no lugar da Moreira de Pantín, en honor ao recoñecido cantautor do lugar.

Á vista do informe técnico municipal de data 16 de novembro de 2015 no que se constata a titularidade municipal do citado merendeiro.

Á vista do informe da Secretaria municipal de data 10 de decembro de 2015, informando sobre o procedemento a seguir.

Á Vista da traxectoria deste veciño, do seu esforzo e éxitos acadados,

Esta Alcaldía en vista das atribucións conferidas pola lexislación vixente propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a denominación de “Merendero Andrés Suárez” para a zona de ocio sita no lugar da Moreira de Pantín, en virtude da recoñecida traxectoria do cantautor.

**SEGUNDO.-** Notificar a presente resolución a Don Andrés Suárez.

**TERCEIRO.-** Notificar a presente resolución ás administración públicas e organismos afectados.

Non obstante, a Corporación acordará o que considere oportuno.

En Valdoviño a 10 de decembro de 2015.

O Alcalde,

Alberto González Fernández”

Sr. Alcalde.- A razón desta proposta, débese a petición da Asociación de Veciños Beiramar de Pantín, de que ao espazo público municipal do merendeiro se lle poña a denominación de Andrés Suárez.

**A proposta de Alcaldía aprobose polo Pleno, mediante votación ordinaria e por unanimidade dos seus compoñentes.**

#### **4º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DE MODIFICACIÓN DE ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.-**

Proposta de Alcaldía, *ditaminada favorable en comisión informativa de Planificación territorial e xestión administrativa en sesión do 14.12.15:*

：“En relación con el expediente relativo a la ordenación del Impuesto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, en cumplimiento de la Providencia de Alcaldía de fecha 9 de DICIEMBRE de 2015, emito el siguiente informe-propuesta de resolución, de conformidad con lo establecido en el artículo 175 del Reglamento de Organización, funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre, con base a los siguientes,

#### **ANTECEDENTES DE HECHO**

**PRIMERO.** Providencia de Alcaldía de 9 de diciembre de 2015.

**SEGUNDO.** Propuesta a comisión plenaria de 14 de diciembre de 2015 y anexo del texto.

#### **LEGISLACIÓN APLICABLE**

La Legislación aplicable viene establecida por:

-Los artículos 15 al 19 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

*- Los artículos 92 al 99 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que recogen la regulación del Impuesto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.*

-Los artículos 22.2d) y e) y 47.1 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local.

Visto cuanto antecede, se considera que el expediente ha seguido la tramitación establecida en la Legislación aplicable, procediendo su aprobación inicial por el Pleno de este Ayuntamiento, de conformidad con lo previsto en el artículo 47.1 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local, por mayoría simple

de los miembros presentes.

Por ello, de conformidad con lo establecido en el artículo 175 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre, el que suscribe eleva la siguiente propuesta de resolución:

### **INFORME-PROPUESTA DE RESOLUCIÓN**

**PRIMERO.** Aprobar la Ordenanza fiscal reguladora del Impuesto sobre Vehículos de Tracción Mecánica – modificación- con el texto que figura en el expediente.

**SEGUNDO.** Exponer al público el anterior Acuerdo mediante anuncio que se insertará en el tablón de anuncios municipal durante el plazo de treinta días hábiles, a contar desde el siguiente al de publicación de dicho anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia, dentro del cual los interesados podrán examinar el expediente y presentar las alegaciones que estimen oportunas.

**TERCERO.** En caso de que no se presentasen alegaciones al expediente en el plazo anteriormente indicado, el Acuerdo se entenderá definitivamente aprobado, sin necesidad de Acuerdo plenario, de conformidad con el artículo 17.3 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

No obstante, la Corporación acordará lo que estime pertinente.

En Valdoviño, a 9 de diciembre de 2015.

El Alcalde,

Fdo.: Alberto González Fernández.

### **PROXECTO DE MODIFICACIÓN DE ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHICULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.**

Propóñense as seguintes modificacións :

**1.Modifícase o apartado 2 do art 3º.relative ás exencións, suprimíndose a obriga de solicitude anual de renovación, quedando redactado do seguinte modo:.**

“ 3.2, Para poder obter as exencións á que se refire o parágrafo e) e g) do apartado 1 do artigo 93 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo RDL 2/2004 do 5 de marzo, os interesados deberán instar a súa concesión con anterioridade á data do devengo do imposto , en caso contrario a concesión terá efectos dende o período impositivo seguinte ó da solicitude, indicando as características do vehículo, a súa matrícula, a causa do beneficio e acreditar mediante a presentación da documentación na que consten a realidade do alegado. A notificación na que se resolva a concesión da exención servirá de documento acreditativo da súa existencia.

## **2. Elimínase o segundo parágrafo do punto 4 do artigo 9, quedando redactado do seguinte modo:**

“ artigo 9. Bonificacións.

Establécense unhas bonificacións ao abeiro do artigo 95.6 do Real Decreto legislativo 2/ 2004 , do 5 de marzo , polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais:

1. Gozarán dunha bonificación do 100% os vehículos históricos , tendo esta consideración aqueles que cumpran os requisitos establecidos no art. 2 do Real Decreto 1247/1995 do 14 de xullo , polo que se aproba o regulamento de vehículos históricos.
2. Gozarán dunha bonificación do 100% os vehículos que teñan unha antigüidade mínima de vinte cinco anos contados a partir da data da súa fabricación , tomándose como tal, se esta non se coñecera , a da súa primeira matriculación ou, no seu defecto , a data na que o correspondente tipo ou variante se deixou de fabricar.
3. Para poder gozar das anteriores bonificacións , os interesados deberán instar a súa concesión indicando as características do vehículo , a súa matrícula e a antigüidade . Para estes efectos deberán acompañar á solicitude de bonificación os documentos que acrediten o cumprimento dos requisitos para gozar da mesma , ben por medio de copia cotexada da ficha técnica , o permiso de circulación do vehículo ou certificado de fabricante ou de Industria respecto da data na que se deixou de fabricar o modelo en cuestión. No caso de vehículos históricos acreditarase aportando a catalogación como tal polo órgano competente da comunidade autónoma.
4. Os interesados deberán presentar a solicitude antes da data do devengo do imposto. En caso contrario a bonificación aplicarase dende o exercicio seguinte ao da solicitude. Declarada a bonificación pola administración tributaria local, expedirase un documento que acredite a súa concesión.

## **3. Modifícase o texto da Disposición derradeira.**

### **DISPOSICIÓN DERRADEIRA.**

A presente modificación da ordenanza fiscal entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no boletín oficial da provincia , e será de aplicación o mesmo día da publicación do seu texto integro no Boletín oficial d a provincia , permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

En Valdoviño a 9 de decembro de 2015.

O Alcalde

Asdo. Alberto González Fernandez”.

Sr. Alcalde.- Tras facer unha modificación desta ordenanza fiscal, a Deputación aconsella ao concello facer unhas modificacións que a intervención municipal as considera axeitadas e por elo se trae a proposta de Alcaldía de modificación.

**O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, prestou aprobación á proposta de Alcaldía transcrita.**

### **5º.- REFORMULACIÓN DO PLAN ECONÓMICO-FINANCIERO 2015/2016.-**

Propuesta de Alcaldía, *ditaminada favorable en comisión informativa de Planificación territorial e xestión administrativa en sesión do 14.12.15:*

“Vista la REFORMULACIÓN del Plan Económico-financiero suscrito por alcaldía el pasado 10 de diciembre de 2015, debido a cambios de normativa posteriores a la aprobación el pasado julio del documento original, ajenos a este Concello (instrucción del ministerio publicada en la oficina virtual de coordinación financiera en Relación con el módulo PEFEL 2), cuya necesidad se deriva de la INESTABILIDAD PRESUPUESTARIA motivada por la aprobación de la liquidación del Presupuesto de 2014,

Considerando que el Plan propuesto es conforme a lo establecido en el artículo 21 de la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera, y al artículo 9.2 de la Orden HAP/2105/2012, de 1 de octubre, por la que se desarrollan las obligaciones de suministro de información previstas en la Ley orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera, siendo competente para su aprobación el Pleno Municipal,

La Alcaldía propone a esta Comisión la adopción del siguiente dictamen:

#### **ACUERDO**

**PRIMEIRO.** Aprobar el nuevo Plan económico-financiero del Ayuntamiento en los términos que constan en documento anexo y que se considera parte integrante del presente Acuerdo.

**SEGUNDO.** Remitir al Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas para su publicación en su portal web.

**TERCERO.** A efectos meramente informativos, publicar la aprobación del Plan Económico-financiero en el Boletín Oficial de la Provincia de Coruña, *en el Tablón de edictos del Concello y en su página web ([www.concellodevaldovino.com](http://www.concellodevaldovino.com))*.

Asimismo, una copia del Plan se hallará a disposición del público desde su aprobación hasta la finalización de su vigencia.

En Valdoviño, a 15 de diciembre de 2015.  
El Alcalde,  
Fdo.: Alberto González Fernández”

Sr. Alcalde.- Aínda que xa se tratou en comisión este asunto, como non estaba o concelleiro do BNG nesa comisión imos retomar a explicación.

Derivado da inestabilidade orzamentaria é obriga legal realizar o Plan económico financeiro 2015-2016. Esta Corporación aprobara un 1º Plan, pero o goberno do Estado advirtiu de que se tiña que recoller no 2015 toda a cantidade da inestabilidade e por iso se reformula o Plan. Vai haber ingresos de ICIO, IBI... e incorporanse uns ingresos a maiores. Para o ano restan uns 55.000 euros.

No POS 2016, destinouse a metade da cantidade outorgada para gastos correntes. Non temos presuposto novo, en espera de ter a liquidación final. Así, vaise prorrogar o orzamento para o ano o 2016 e vaise intentar unha redución do gasto.

Sr. Ameneiros.- Supoñía isto e non teño preguntas.

**O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por maioría aprobou a proposta de Alcaldía de reformulación do Plan económico-financeiro.**

**Votos favorables de todos os grupos municipais, agás do concelleiro de U POR V, que se abstén.**

## II) CONTROL DE ACTIVIDADE DO PLENO

**Dáse conta das seguintes Sentenzas:**

**Recurso de apelación: N° 4458/2015.**

**En relación al P.O 203/2013, de antecedente:** Por el Juzgado de lo Contencioso-Admon. De Ferrol se dictó con fecha 12-10-15 sentencia con la parte dispositiva: “FALLO que desestimo el recurso contencioso-admon. interpuesto por don E. L. P. contra el acuerdo de la Junta de Gobierno del Ayuntamiento de Valdoviño de fecha 7 de agosto de 2013 por el que se aprueba la adjudicación del contrato de cafetería en la playa de A Frouxeira, resolución que se declara conforme a Derecho; con imposición de Costas al demandante”.

Se interpuesto recurso de apelación por el actor contra dicha sentencia, y el TSJG falla:

**Sentenza: 00770/2015**



“Desestimamos el recurso de apelación interpuesto por D. E. L. P. contra la sentencia dictada con fecha 12-6-15 por el Juzgado de lo Contencioso-Admon. De Ferrol en el Procedimiento Ordinario Nº 203/2013. Se imponen las costas del recurso de apelación, a quien lo interpuso”.

Explica a Sra. Secretaria que contra esta sentenza non cabe recurso, que corresponde ao recurso interposto por interesado na adxudicación do chiringuito da praia; ao non admitilo na licitación por non considerarselle a solvencia técnica.

### **Recurso PO 216/2015**

**Sentenza de 07/12/2015**, por la que se acuerda:

“Debo desestimar y desestimo el recurso contencioso-administrativo interpuesto por el letrado D. Germán Acción López en nombre y representación de D. MC. P. R., frente a la desestimación presunta de la reclamación de responsabilidad patrimonial iniciada por la demandante frente al Concello de Valdoviño, confirmando la resolución recurrida. Todo ello, sin imposición de Costas...”.

Explica a Sra. Secretaría que se corresponde cun expediente de responsabilidade patrimonial que se destima por considerar que non estaba probado o dano, e que non existe relación casual.

### **Recurso PO 444/2006**

**Recurrente: Consellería Política Territorial**

**Recurrido: Concello de Valdoviño**

**Sentenza de 03/12/15**, por la que se acuerda:

“Que procede de conformidad con los art 68.1 b) y 2 70.1 81.1 “ab initio”, 82 7y 85.9 de dicha Ley núm. 29/98, de 13 de julio, tanto la desestimación del recurso de apelación promovido por la representación legal del Excmo. Ayuntamiento de Valdoviño (A Coruña) como la confirmación de aquella precedente e inicial sentencia núm. 118/14, de 11 de julio, dictada por aquella otrora Ilma. Sra. Magistrada-Juez titular del Juzgado de lo Contencioso-Administrativo Nº 1 de Ferrol...”

Explica a Sra. Secretaría que esta sentenza corresponde ao asunto das Casas de Campelo, considerando o Tribunal as licencias nulas de pleno dereito porque non se podía segregar a finca e non había un uso agropecuario).

Sr. Ameneiros.- O dixen eu no seu día, e llo advertín ao arquitecto daquela.

Sra. Secretaria.- Pola secretaria tamén se advertiu.

Sr. Alcalde.- Defenderemos os intereses do concello, salvagardaremos e por elo estaremos atentos aos pasos da Axencia da Legalidade Urbanística.

Sr. Rodríguez Fernández.- ¿Isto ésta finaquitado?

Sra. Secretaria.- Unha parte, sí.

Sr. Bacorelle.- ¿As licencias nulas son dende o momento do outorgamento?.

Sr. Alcalde.- Dende a segregación. Houbo un arranque coa licencia mal dada e non se fixo despois a revisión.

Sr. Rodríguez Fernández.- No 2006 mandaron revisar de oficio.

Sr. Bacorelle.- Quero unha copia desa sentenza.

#### **6º.- DAR CONTA DE DECRETOS DA ALCALDIA. RELACIÓN NÚM. 10/2015**

<b>Nº</b>	<b>Data</b>	<b>Extracto do contido</b>
423	17-11-15	Convocatoria sesión ordinaria Pleno do 20.11.15
424	17-11-15	Aprobación de expte de modificación de créditos (nº 10/15) por transferencia crédito de 6.245,27 euros e modificacións dos núms. 7/15 e 3/15.
425		Pagamento liquidación a traballadores cesantes (Plan Cooperación da Deputación); Importe total: 685,86 euros.
426	17-11-15	Concedenselle á traballadora laboral Laura Tojo Fernández os días 20, 23 e 24 de novembro de 2015 coma de asuntos propios.
427	17-11-15	Decreto resolución nun expte sancionador de tráfico. Importe: 200€.
428	18-11-15	Aprobanse as cotas- prezo público- de prestación do SAF correspondentes aos meses de xullo e agosto de 2015. Importe total: 10.998,18 euros.
429	18-11-15	Convocatoria sesión ordinaria Xunta goberno local do 19.11.15
430	19-11-15	Ordeando suspensión de obras sen licenza no lugar de A Chousa ao seu promotor e acordos derivados.
431	19-11-15	Convocatoria sesión extraordinaria Pleno da Corporación do 23.11.15 (Designación membros mesas electorais).
432	20-11-15	Acordando proceder ao inicio de proceso de selección de persoal laboral temporal para servizos sociais (Traballadora Social e Educadora Social).
433	23-11-15	Aprobación bases confección bolsa emprego para contratación laboral temporal de Educadores/as Sociais.
434	23-11-15	Aprobación bases confección bolsa emprego para contratación laboral temporal de Traballadores/as Sociais.
435	23-11-15	Resolvendo ampliación de SAF a usuarios, a proposta dos servizos sociais municipais.
436	25-11-15	Recoñecendo á reclamante (expte de responsabilidade

		patrimonial) o percibo de indemnización correspondente: 1.485€.
437	25-11-15	De aprobación de gastos e autorización de pagamento de indemnización cantidade pendente ao Xulgado, relativo a P.A 325/2014.
438	26-11-15	Concedeselle á funcionaria M <sup>a</sup> del Carmen Lamas Rodríguez, o día 30 de novembro de 2015 coma de asuntos propios.
439	26-11-15	Convocatoria sesión ordinaria Xunta goberno local do 26.11.15
440	26-11-15	Concedenselle á traballadora laboral, Amparo Estraviz Vilariño os días 27 e 30 de novembro de 2015 coma de asuntos propios.
441	27-11-15	Denegando solicitude a peticionaria, sobre execución de conexión ao servizo público de auga e alcantarillado por existir expte de denuncia sobor da edificación á que se pretende facer a conexión.
442	27-11-15	Aprobanse as retribucións de novembro dos funcionarios, cun bruto de 54.243,37€; dos laborais por 11.636,09€ e as retribucións a abonar aos concelleiros neste mes por 5.561,94€.
443	27-11-15	Concedeselle á funcionaria Rosario García Villar o día 7 de decembro de 2015 coma de asuntos propios.
444	27-11-15	Resolución inicio procedementos sancionadores de tráfico. 7 exptes.- Importe principal: 1.280€; bonificado: 640€.
445	30-11-15	Denegando solicitude a petionario, sobre execución de conexión ao servizo público de auga e alcantarillado por existir expte de disciplina urbanística sobor da edificación á que se pretende facer a conexión.
446	30-11-15	Considerando necesidade urxente de cubrir praza de operario maquinaria e ordeando proceder ao inicio do proceso de selección do citado persoal laboral.
447	30-11-15	De desestimación de recurso de reposición interposto por interesada, en materia de tráfico. Expte. 10015/2015
448	30-11-15	Polo que se toma coñecemento de cambio de titularidade de local sito en Area Blanca – Meirás.
449	30-11-15	Concedeselle á traballadora laboral Laura Tojo Fernández o día 1 de decembro de 2015 coma de asuntos propios.
450	01-12-15	Autorizando actividade en local social AA.VV As Chaves de Loira e ruta turística con quads e motos o dia 18.11.15.
451	01-12-15	Aprobanse gastos e autorízanse os pagamentos de facturas contidas en anexo ao decreto. Importe total: 29.959,47 euros.
452	01-12-15	Aprbase a extinción do Servizo no Fogar ao usuario J.F.V tralo seu falecemento.
453	01-12-15	Aprobase a petición da funcionaria Paula Campos Rdguez, de cambio do dia 7.12.15 como asuntos propios polo 4.01.16 e concedenselle tamén coma propios o 5, 7 e 8 de xaneiro de 2016.
454	02-12-15	Convocatoria sesión ordinaria Xunta goberno local de 3.12.15

455	03-12-15	Concedenselle ao funcionario Santiago López Vilela os días 10 e 11 de decembro de 2015 coma de asuntos propios.
456	03-12-15	Aprobación de expte de modificación de crédito (xeración de crédito). Importe: 40.962,90 euros.
457	04-12-15	Cocnedeselle á funcionaria Rosario García Villar o día 7 de decembro de 2015 coma de asuntos propios.
458	04-12-15	Concedenselle á funcionaria M <sup>a</sup> Remedios Torres Regueiro os días 9, 10 e 11 de decembro de 2015 coma de asuntos propios.

### **7º.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

O Sr. González Fernández, informa aos presentes de que:

- ! Houbo un pleno o pasado 14 de decembro para a aprobación do POS 2016 e do PAS 2015. O POS destinase a amaños na Casa da Cultura, especialmente na biblioteca e cun presuposto de 117.000 e pico de euros e outro tanto para gasto corrente. O PAS 2015 destinase a acondicionamento das casetas de praias e de parques infantís cun total duns 324.000 e pico de euros. Que precisamente remataba o prazo de presentación o día de hoxe e tamén remataba o prazo para outras subvencións de cultura, turismo, deportes, servizos sociais, e promoción económica. Pedíndose, en liñas xerais, no ámbito deportivo para a habilitación do Pavillón de O Longoiro e contratación de técnico deportivo, en canto a turismo pidiuse para investimentos turísticos e para aparcamentos en praias, en cultura para investimentos e actividades, para servizos sociais cursos para mulleres xóvenes e na subvención de promoción económico millora da baixada ao Ariño.
- ! En canto á Lagoa solicitárase a apertura. A policía local o sábado pechou o paso peatonal. Fai un par de semás a Xunta comunicou o comezo dos traballos de regulación do nivel hídrico con aplicación directa do seu protocolo. Propuxemoslle á Xunta ter unha reunión de traballo con todas as Administracións afectadas (Xunta de Galicia, Demarcación de Costas e o Concello de Valdoviño).
- ! Pidiuse presenza de radar na estrada da Porta do Sol e noutras vías municipais con problemas de velocidade, en aras da seguridade.

! Respecto a pregunta do Sr. Bacorelle en pleno pasado, dicir que había dúas solicitudes de desafectación de camiños.

! A Asociación de Veciños da Frouxeira comunicou ao Concello que non ía facer este ano a Cabalgata de Reis, polo que a fará o Concello contando tamén coa colaboración de asociacións.

#### INTERVENCIÓN GRUPO BNG

Sr. Ameneiros Serantes.-

! Coincido no explicado polo Sr. Alcalde sobre que se faiga a Cabalgata de Reis e co dito da Lagoa.

! Transmíto o comentario que me fixeron de que o Concello leva dous meses sen pagar o aluguer do local de maiores.

Sr. Alcalde.- O descoñezo.

! Advirto de que para agora poder manipular produtos como sulfatos e outros, hai que contar co curso de manipulador. Sería bo, entón, ofrecer eses cursos aos veciños.

Sra. Freire Aneiros .- Estaos facendo a Coopeativa de Vilaboa, de Meirás e de Lago. Na cooperativa de Lago non se cubriron as prazas.

Sr. Rodríguez Fernández.- Na Cooperativa de Meirás a Cooperativa paga a metade do custo, que é de 110 euros aos que son socios.

Sr. Alcalde.- A través de subvención a Servizos Sociais pidiuse curso de horticultura.

! ¿O Plan da Lagoa é axeitado? ¿E ter máquinas nesa zona antes do Nadal tamén? Non é serio, todos os anos se fai un gasto importante e non se resolve. Esiximos unha solución definitiva pero coído que falta vontade política. As actuacións que se fan supoñen un impacto grande para a Lagoa, para a praia e para a imaxe de Valdoviño.

Sr. Alcalde.- Certo. Temos que “sentarnos” porque non estamos dacordo co Plan. Transmitinlle o problema e é consciente del á Demarcación de Costas.

Sr. Vigo Lago.- Ese Plan fíxoo a Xunta coa Universidade de Santiago i eu teño que crerlle aos técnicos, que cando fan un traballo o xustifican. Se hai outro Plan millor, que se faiga.

Sr. García Alonso.- Son criterios.

Sr. Beceiro Rodríguez.- Ese Plan non é bo, e estamos “tragando” con él.

Sr. Saavedra Gutierrez.- Esas actuacións feitas pola Xunta foron todas malas.

- ! O cartel da Cabalgata aparece en castelán, rogo que se empregue o galego. Tamén me chama a atención que asuma o Concello a Cabalgata e que o organice unha empresa con cartos públicos, non se lle da a unha Asociación senón a unha empresa, que se contrata sen publicidade. Tiña que haber exposición pública, é deixar estas contratacións directas para casos exclusivos de urxencia.

Sra. García López.- A Cabalgata saíranos pola metade do que se lle estaba dando á Asociación da Frouxeira, o que se lle paga á empresa é en realidade o que tería que facer a técnica de Cultura, é asistencia técnica. Tamén as asociacións van aportar vestuario, plataformas,....

Sr. Alcalde.- O Concello decidiu asumir a Cabalgata para non perder de facerse, (se nos comunicou que non a ían facer no mes de novembro). Non se podía desenvolver dende a área de Cultura e por iso se encomendou a unha empresa. O recorrido vai ser dende aquí da Porta do Sol ata a Casa de Cultura e vaise cortar a estrada.

#### INTERVENCIÓN GRUPO U POR V

Sr. Bacorelle Robles.-

- ! ¿É unha empresa quen vai levar a Cabalgata?

Sra. García López.- É un autónomo.

- ! ¿Da clases de teatro? O pregunto porque será lexítimo, pero cando eu o facía se me criticaba porque estaba na oposición e tiña que achantar coa crítica. Isto é un claro exemplo de nepotismo (da a definición deste término).

Sr. Alcalde.- Non é nepotismo, tratamos de contratar con alguén que tivese experiencia nisto.

- ! ¿Hai algún avance con respecto ao camping municipal?

Sr. Saavedra Gutiérrez.- Temos redacción dos pregos para que sexan vistos polo técnico e quitarase a concurso.

Sr. Alcalde.- A idea é priorizar a inversión.

- ! ¿E o tema das facturas?

Sr. Alcalde.- Se están estudiando.

- ! Algúns traballadores non cobraron a nómina de outubro en tempo.

Sr. Alcalde.- Sí, se pasaron ao Banco Pastor para o seu abono, e produciuse esa situación. Mandaron do banco unha carta de disculpa, pero tiña entendido que pasou soio cun traballador.

! ¿Sabese algo máis do roubo da embarcación?

Sr. García Sousa.- Se meteu en via xudicial, pero non aparece a documentación no concello.

! ¿Fíxose algo sobor do edificio do Siroco?

Sr. Alcalde.- Tivemos unha reunión co propietario e non sabemos máis; trasladamos o asunto a Costas. O edificio está declarado ruina.

! ¿Cómo está a situación respecto ao edificio da Cámara Agraria?

Sr. Alcalde.- O problema é que hai unha declaración unilateral de ruina do edificio polo Concello. A Xunta indica que a situación de ruina deuse polo non mantemento do local, que correspondía ao Concello.

Sr. Vigo Lago.- A cesión rematara no 2010.

Sr. Alcalde.- Tivemos reunión con técnicos de Facenda; poden aceptar unha redución do valor ou que a Xunta faiga algunha obra.

Sr. Bacorelle.- ¿Chegaron a dar prezo?

Sr. Alcalde.- 30.000 euros o edificio. Tamén pode valorar a Xunta a posibilidade de segregación.

#### INTERVENCIÓN GRUPO CENVAL

Sr. Beceiro Rodríguez.-

! ¿Cómo se atopa o asunto do Porto do Cabo e da multa?

Sr. Alcalde.- É complicado. Iniciamos trámite de autorización de verquido. Estamos comprobando sistemas, luz, bombas....

Sr. Rodríguez Fernández.- ¿Adquiristedes a parcela?

Sr. Alcalde.- Estamos negociando.

Sr. Beceiro.- ¿Temos que pagar a multa?

Sr. Alcalde.- Sí.

! ¿Rematou a obra do Cameleiro?

Sr. Vega Fernández.- Está todo entregado a Fenosa, falta que ésta remate.

! ¿Fíxose o das farolas do paseo?

Sr. Vega Fernández.- Non houbo o subministro no prazo, farase.

Sr. García Alonso.- Hai luminarias que deslumbran.

Sr. Vigo Lago.- Hai cables levantados (con aislamiento). Comprobade que non teñan corrente.

Sr. Vega Fernández.- Supoño que non, porque ademais non están conectadas entre sí.

! ¿Tramitouse algo da devolución da subvención do Estado de cen mil e pico de euros, de servizos sociais?.

Sr. Alcalde.- Non aparece documentación. Fíxemos un recurso.

#### INTERVENCIÓN GRUPO PP

Sr. Vigo Lago.-

! Sobre O Cameleiro hai que falar con Fenosa, tiñan prometido ter resolto en maio.

Sr. Alcalde.- O problema é o cambio de titularidade.

! ¿Tramitouse algo para a adxudicación do contrato do alumeado público?

Sr. Alcalde.- Están os técnicos cos pregos. Farase estudio de aforro enerxético e mentras adxudicárase un contrato por pouco tempo ata facer os pregos para concurso.

! Os veciños do Coval trasladanme queixa preguntando por qué non se puxo arcada de Nadal nese lugar.

Sr. Alcalde.- Tampouso se puxo noutros sitios.

! ¿Cal foi o presuposto deste alumeado de Nadal?

Sr. Vega Fernández.- Non chegou aos tres mil euros.

Non habendo máis intervencións o Sr. Alcalde da por rematada esta sesión, desexando a todos os presentes un Feliz Nadal, cando eran as dez horas e dez minutos. Do que como Secretaria, CERTIFICO.

O Alcalde,

A Secretaria,